

## **NORMATIVA DE MOBILIDADE DO ALUMNADO DA ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN**

(Aprobada na Xunta de Escola do 27 de Xuño de 2018)

Esta normativa define os requisitos e condicións que debe cumprir o alumnado da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (EET) para optar ás diferentes convocatorias de mobilidade dispoñibles. Esta normativa complementa ó Regulamento de Mobilidade Internacional da Universidade de Vigo, así como as convocatorias dos diferentes programas de mobilidade (Erasmus+, SICUE, Bolsas Propias, Bolsas Santander, etc.).

### **1. Da priorización do alumnado**

1. Este proceso poderá ser levado a cabo pola respectiva instancia da Universidade encargada do programa correspondente ou polo coordinador de mobilidade das diferentes titulacións da Escola.
2. En dito proceso, os estudantes tamén poderán estar expostos a outras limitacións particulares de cada programa de mobilidade que aparezan recollidas nas correspondentes convocatorias.
3. No caso de facerse na EET, a adxudicación de destino farase por elección do alumnado que será priorizado:
  - Considerando sempre en primeiro lugar a aqueles estudantes que non teñan desfrutado antes de bolsa de mobilidade algunha.
  - Aqueles estudantes que no momento da elección teñan a acreditación de lingua necesaria.
  - Segundo a nota media do seu expediente académico na súa titulación.
  - Os estudantes que soliciten dobre mobilidade poderán pedir un destino conforme ao orde obtido polos puntos anteriores, e para o outro destino será coma se xa houberen desfrutado antes dunha bolsa de mobilidade.
4. No caso de solicitar mobilidade estudantes de diferentes titulacións, a adxudicación de destino farase utilizando as dúas primeiras prioridades do punto anterior, e despois ordenando a tódolos estudantes segundo a nota media do expediente académico da súa titulación.

### **2. Da mobilidade no Grado de Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación**

5. Como así o recolle a memoria do Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías

de Telecomunicación (GETT) da Universidade de Vigo coa inclusión da materia "Mobilidade", recoméndase realizar a mobilidade nesta titulación no primeiro cuatrimestre do cuarto curso. A carga mínima de traballo por cuatrimestre (ou período equivalente na universidade remota) estipúlase en 15 ECTS, e 30 a máxima.

6. O alumnado que curse materias nunha universidade allea deberá formalizar un contrato de estudos co coordinador de mobilidade do GETT. Dito contrato recollerá os acordos académicos en cuestión de materias locais e remotas e a súa relación, e rexerá o proceso de equivalencias que actualizará o expediente académico do estudante á súa volta.
7. Para facer unha estadía nunha universidade estranxeira, esixírase que o estudante teña superados, no momento de realizar a estadía, como mínimo 150 dos 180 créditos que conforman os tres primeiros cursos da titulación. Esta restrición non se terá en conta para intercambios dentro do sistema universitario español.
8. O acordo académico supeditarase, por termo xeral, a materias/actividades do primeiro cuatrimestre do cuarto curso académico. Porén, considéranse dúas excepcións a esta restrición:
  - Se a universidade destino é outra universidade española (programa SICUE) poderase incluír no acordo calquera materia do GETT sempre que os seus contidos e competencias estean debidamente recollidos nas materias remotas.
  - En universidades estranxeiras permitírase levar unha ou dúas materias de cursos inferiores se son as únicas -agás as de cuarto- que lle quedan por superar ó estudante. Terase especial coidado en que os contidos e competencias estean debidamente recollidos nas correspondentes materias remotas.
9. As materias remotas que substitúan ás materias locais optativas de cuarto curso poderán ter contidos diferentes dos ofrecidos nas materias optativas definidas no GETT, pero estes deberán ser novidosos (non cubertos noutras materias do currículo do estudante) e cunha clara vinculación cos eidos da enxeñaría ou tecnoloxías de telecomunicación ou da xestión empresarial. Nese caso, as materias remotas substituirán a tódolos efectos para a consecución do título ás previstas orixinalmente na titulación propia; e no expediente constará como materia "Mobilidade" ou similar, mentres que no Suplemento Europeo ó Título constará o nome completo da materia, a cualificación obtida, e maila universidade ou centro na que se cursou. As materias remotas que substitúan ás materias non optativas deberán ter contidos e competencias similares.
10. Permitírase realizar o Traballo Fin de Grao (TFG) nunha universidade allea coas seguintes condicións:
  - O estudante deberá estar matriculado de tódalas materias/créditos que lle falten para rematar a titulación.
  - Permitírase que o estudante se desprace a outra universidade

para facer unicamente o TFG (12 ECTS), como excepción á carga mínima de traballo esixible fixada no punto 5.

- Se a carga de traballo e condicións do TFG na universidade de destino son similares ou máis esixentes que as do GETT, o estudante non terá que defender o TFG na EET, se este xa foi avaliado en destino. Se o estudante aspira a alcanzar a máxima cualificación (matrícula de honra) terá que defendelo na EET.
- En caso de ter que defendelo na EET, o estudante deberá ter concertado no primeiro mes de estancia o titor local, o titor remoto e o tema do traballo a desenvolver. Se os titores local e remoto non se coñecen de antemán, o coordinador de mobilidade do GETT deberá contactar co seu homólogo en destino para promover e pechar ese acordo a tres bandas. Para iso, o estudante deberá indicarlle o máis axiña posible quen vai ser o seu titor local e diversas liñas posibles de traballo. Neste caso, será necesario un informe detallado do titor remoto que o monitorizou para a súa defensa na EET.
- Se o TFG na universidade allea ten unha carga inferior a 12 ECTS, aparte de defenderse na EET, o titor local poderá esixir ó estudante a realización do traballo necesario a maiores ata alcanzar os 12 ECTS.

11. En canto ós idiomas, para a lingua en que se vai a recibir a docencia esixírase como mínimo un certificado de idioma nivel B1. Esta esixencia non será necesaria se no destino da estadía se emprega a lingua italiana ou portuguesa. Se só se vai a facer o TFG, chegará con cumprir ditos requisitos para o inglés. A universidade remota ou a convocatoria poden impoñer restricións máis severas.

### **3. Da mobilidade no Grado de Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación - Dobres titulacións**

12. As estadías naqueles destinos cos que se teñan firmado acordos de dobre titulación deberán ser de curso completo. Esta estadía realizarase no cuarto ano da titulación.
13. Esixírase que o estudante teña superados, no momento de realizar a estadía, tódolos créditos que conforman os tres primeiros cursos da titulación.
14. O estudante deberá matricularse do curso completo na universidade de destino nas materias que se especifiquen no acordo de dobre titulación.
15. Se o estudante supera o curso na universidade de destino obterá dous títulos, o de Graduado en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación pola Universidade de Vigo e o que cursará na universidade de destino.

#### 4. Da mobilidade no Máster en Enxeñaría de Telecomunicación

16. Como así o recolle a memoria do Máster en Enxeñaría de Telecomunicación (MET) da Universidade de Vigo, a mobilidade nesta titulación está prevista no segundo curso. Poderá estenderse durante todo un ano académico se a carga de traballo así o aconsella. Para iso estipúlase en 15 ECTS a mínima carga de traballo e en 30 a máxima requirida por cuatrimestre (ou período equivalente na universidade remota).
17. O alumnado que curse materias nunha universidade allea deberá formalizar un contrato de estudos co coordinador de mobilidade do MET. Dito contrato recollerá os acordos académicos en cuestión de materias locais e remotas e a súa relación, e rexerá o proceso de equivalencias que actualizará o expediente académico do estudante á súa volta.
18. Para facer unha estadía nunha universidade estranxeira, esixirase que o estudante teña superados, no momento de realizar a estadía, como mínimo 50 dos 60 créditos que conforman o primeiro curso da titulación.
19. O acordo académico supeditarase, por termo xeral, a materias/actividades do segundo curso académico. Porén, considérase unha excepción a esta restrición:
  - En universidades estranxeiras permitirase levar unha ou dúas materias do primeiro curso se son as únicas -agás as de segundo- que lle quedan por superar ó estudante. Terase especial coidado en que os contidos e competencias estean debidamente recollidos nas correspondentes materias remotas.
20. As materias remotas que substitúan ás materias locais de formación avanzada, obrigatorias de especialidade do primeiro cuatrimestre do segundo curso, deberán ter contidos e competencias similares.
21. As materias remotas que substitúan as materias locais de formación complementaria, optativas do primeiro cuatrimestre do segundo curso, poderán ter contidos diferentes dos ofrecidos nas materias optativas definidas no MET, pero estes deberán ser novidosos (non cubertos noutras materias do currículo do estudante) e cunha clara vinculación cos eidos da enxeñaría ou tecnoloxías de telecomunicación ou da xestión empresarial. Nese caso, as materias remotas substituirán a tódolos efectos para a consecución do título ás previstas orixinalmente na titulación propia; e, en función do procedemento artellado pola Universidade, no expediente poderá constar "Materia optativa cursada en mobilidade" ou similar, mentres que no Suplemento Europeo ó Título constará o nome completo da materia, a cualificación obtida, e maila universidade ou centro na que se cursou.
22. Para poder facer o Traballo Fin de Máster (TFM) nunha universidade allea o estudante debe cumprir as seguintes condicións:
  - O estudante deberá estar matriculado de tódalas

materias/créditos que lle falten para rematar a titulación.

- Se a carga de traballo e condicións do TFM na universidade de destino son similares ou máis exixentes que as do MET, o estudante non terá que defender o TFM na EET, se este xa foi avaliado en destino. Se o estudante aspira a alcanzar a máxima cualificación (matrícula de honra) terá que defendelo na EET.
- En caso de ter que defendelo na EET, o estudante deberá ter concertado no primeiro mes de estancia o titor local, o titor remoto e o tema do traballo a desenvolver. Se os titores local e remoto non se coñecen de antemán, o coordinador de mobilidade do MET deberá contactar co seu homólogo en destino para promover e pechar ese acordo a tres bandas. Para iso, o estudante deberá indicarlle o máis axiña posible quen vai ser o seu titor local e diversas liñas posibles de traballo. Neste caso, será necesario un informe detallado do titor remoto que o monitorizou para a súa defensa na EET.
- Se o TFM na universidade allea ten unha carga inferior a 30 ECTS, aparte de defenderse na EET, o titor local poderá esixir ó estudante a realización do traballo necesario a maiores ata alcanzar os 30 ECTS.

23. En canto ós idiomas, para a lingua en que se vai a recibir a docencia esixírase como mínimo un certificado de idioma nivel B2. Esta esixencia non será necesaria se no destino da estadía se emprega a lingua italiana ou portuguesa. Para facer o TFM é necesario un nivel de inglés equivalente ou superior a B2. A universidade remota ou a convocatoria poden impoñer restricións máis severas.

## **5. Da flexibilidade da normativa**

24. A flexibilidade na execución desta normativa reside na correspondente comisión académica da EET, que estudará as excepcións presentadas polo coordinador de mobilidade das diferentes titulacións da EET ou, individualmente, polos estudantes que se vexan prexudicados inxustificadamente na súa aplicación.